



**CONVENIO ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER GALLEGO DE LA INDUSTRIA Y SERVICIOS DE APOYO AL DESARROLLO DE LAS ENERGÍAS RENOVABLES Y LA SOSTENIBILIDAD ENERGÉTICA (CLUER GAL) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN, FORMACIÓN, INFORMACIÓN, ASESORAMIENTO E PROMOCIÓN DE PROXECTOS NO MARCO DO PERTE DE ENERXÍAS RENOVABLES, HIDRÓXENO RENOVABLE E ALMACENAMIENTO (PERTE ERHA)**

**REUNIDOS**

**Dunha parte,** Pablo Fernández Vila, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, en adiante INEGA, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703- Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022, do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

**Doutra parte,** José Ramón Franco Caaveiro, na súa calidade de presidente da ASOCIACIÓN CLÚSTER GALLEGO DE LA INDUSTRIA Y SERVICIOS DE APOYO AL DESARROLLO DE LAS ENERGÍAS RENOVABLES Y LA SOSTENIBILIDAD ENERGÉTICA (en diante Cluergal), elixido presidente da Asociación o pasado 20 de xuño do 2019 e facultado para este acto en virtude do artigo 20 dos estatutos da Asociación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).





**Segundo.-** Que Cluergal é unha asociación sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que representa ao sector das enerxías renovables de Galicia. O obxectivo central de Cluergal, tal como recollen os seus Estatutos, consiste en promover proxectos entre os seus membros, o desenvolvemento da industria e servizos do sector das enerxías renovables así coma o fomento da sustentabilidade enerxética. Actualmente Cluergal agrupa ó 50 % da cifra de negocios da industria das enerxías renovables de Galicia, de xeito directo e ao 30 % no caso de empresas vinculadas.

A visión de Cluergal é ser un referente do sector da enerxía renovable en Galicia e nexo de colaboración entre empresa, administración, Universidade e centros de investigación. Deste xeito ao desenvolver unha visión e aplicala, o Clúster das Enerxías Renovables de Galicia, agrupando os recursos e as competencias dos principais axentes da súa cadea de valor, traballando nun obxectivo común de xeito máis efectivo, segundo un plan estratéxico, e establecendo as bases de accións conxuntas, aproveitando o alto potencial do sector, poderá acadar un crecemento significativo de xeito sustentable.

**Terceiro.-** A posta en marcha pola Unión Europea dos Fondos de Recuperación e resiliencia, *Next Generation EU (NGEU)*, anima aos estados e ás rexións europeas a posicionarse e xerar os mellores proxectos estratéxicos para a súa contorna empresarial.

Globalmente, o Sector das Enerxías Renovables de Galicia xeraba en 2021 un Valor Engadido Bruto duns 2.700 millóns de euros, o 4 % do PIB, e dez mil postos de traballo, o 0,9 % do emprego total, centrado nas diferentes tecnoloxías renovables. Destaca asemade o predominio no tecido sectorial das Pemes e a súa dispersión que se traduce coma elemento chave de vertebración territorial de Galicia.

A incerteza do contexto actual e as consecuencias dunha crise sanitaria e económica a nivel global require acelerar a transformación da industria galega das enerxías renovables, mantendo o emprego, e saíndo reforzada deste novo escenario co gallo de transformarse cara a unha cadea de valor dixital, verde e resiliente, quen de adaptarse rápido aos cambios rupturistas.

O recentemente publicado PERTE de Enerxías Renovables, Hidróxeno renovable e Almacenamento (PERTE ERHA) por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico supón unha gran oportunidade para as diferentes empresas e entidades do sector enerxético de Galicia para a captación de fondos que permitan o desenvolvemento de proxectos transformadores do tecido produtivo galego.

Tendo en conta estas consideracións, o Inega e Cluergal comparten o interese no posicionamento das empresas e industrias galegas no PERTE ERHA, como oportunidade de arrastre do sector enerxético galego no seu conxunto e polo tanto, concordan na necesidade de apoiarse no desenvolvemento de accións de difusión, formación, información, asesoramento e promoción de proxectos relacionados co PERTE ERHA de cara a maximizar as posibilidades de éxito dos proxectos con aplicación en Galicia que concorran ás diferentes convocatorias de dito PERTE.





Por todo iso Inega e Cluergal están interesados en colaborar para a consecución destes obxectivos e, para tal efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración entre as partes, para a consecución dos obxectivos comúns de Cluergal e o Inega no desenvolvemento dunha estratexia conxunta para a realización de actividades de difusión, formación, información e promoción de proxectos relacionados co PERTE ERHA e, por ende, contribuír aos piares fundamentais da mellora da produtividade, a competitividade e a internacionalización do sector das enerxías renovables mediante a posta en marcha de diferentes proxectos coa participación do máximo número posible de pemes e grandes empresas do sector.

Durante a vixencia do convenio desenvolveranse un conxunto de actuacións cuxo alcance e orzamento se definen no Anexo I.

### SEGUNDA.- COMPROMISOS DE CLUERGAL

1. Realizar unha xornada informativa por cada unha das convocatorias de axuda asociadas ó PERTE ERHA e que se publiquen en 2022.
2. Identificar oportunidades e promover proxectos tractores e singulares compatibles coas diferentes convocatorias de axuda do PERTE ERHA, así como a identificación de axentes chave que contribúan ao liderado das iniciativas, informando en todo momento do seu estado de avance ao Inega.
3. Prestar asistencia, orientación e soporte ás empresas e entidades interesadas na preparación, tramitación e presentación de propostas de proxectos de interese ás diferentes convocatorias de axuda do PERTE ERHA.
4. Elaborar a documentación específica das accións obxecto de este convenio e facer chegar ó Inega o material desta actuación.
5. Facer figurar a imaxe corporativa do Inega en toda a documentación técnica e elementos de comunicación que o desenvolvemento da actuación requira.
6. Facilitar ó Inega a información que sexa requirida sobre a execución dos traballos que integran este convenio.

### TERCEIRA.- COMPROMISOS DO INEGA

1. Financiar o 100% das actividades obxecto deste convenio desenvolvidas na cláusula primeira.





2. Facilitar o asesoramento técnico e colaboración que sexa necesaria para a elaboración dos contidos desta actuación.
3. Informar a Cluergal sobre as diferentes liñas de axudas relacionadas coas enerxías renovables convocadas polo Inega.
4. Calquera outra función que resulte de mutua conveniencia por razón do obxecto do convenio.

#### **CUARTA.- CONTÍA DA ACHEGA**

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o Inega achegará a cantidade de 40.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 06.A3.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2022.

O pagamento financiará exclusivamente o custo da realización das actividades obxecto do convenio sen que ningunha das partes Convenientes obteña lucro ningún.

#### **QUINTA.- GASTOS ATENDIBLES**

Con carácter xeral considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

1. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, os traballos estarán executados e entregados ó Inega antes do día 15 de novembro de 2022.
2. O importe do IVE (Imposto sobre o Valor Engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Nembargantes o anterior, o IVE vinculado aos gastos elixibles, terá tamén a consideración de gasto elixible se a entidade acredita a súa exención expresa mediante certificación ao respecto da AEAT ou que tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación ningunha por parte da entidade. Esta acreditación farase mediante certificación de situación censual expedida pola AEAT, na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto, acompañada de certificación da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias. Ambas certificacións a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

3. Será obrigatorio solicitar tres ofertas para todos aqueles gastos externos superiores a 15.000 € + IVE e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.





4. Os gastos nos que incorra Cluergal serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e decrementarán o importe total a achegar polos asinantes na mesma porcentaxe que achegan ao convenio.

## SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A contribución do Inega será aboada unha vez solicitado o pago mediante a presentación dunha certificación de gastos de Cluergal comprensiva dos gastos incorridos o desenvolver as actuacións definidas no anexo I e a correspondente documentación xustificativa.

A dita certificación deberá presentarse antes do 15 de novembro de 2022, farase por vía electrónica, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relaciona a continuación:

1. Certificación do gasto: certificación comprensiva da relación clasificada dos gastos externos presentados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago e mediante a cal se solicita o pagamento.

2. Memoria dos traballos realizados e detalle dos logros acadados:

- ❖ Xornadas informativas realizadas.
- ❖ Empresas informadas das convocatorias de axudas do PERTE ERHA.
- ❖ Proxectos mobilizados.
- ❖ Empresas participantes.
- ❖ Financiamento acadado.

3. Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta bancaria de Cluergal onde debe realizarse o pagamento, na que conste: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.

4. Declaración responsable da persoa que asina a solicitude, en representación do organismo, de que a documentación que se presenta en copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Inega. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Inega poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado para o cal se lle poderá requirir e exhibición do documento orixinal.

5. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

6. Documentación xustificativa do pagamento do 100% do custo externo incorrido mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e xustificante bancario do seu pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.





7. Declaración expresa de que as persoas ou entidades contratadas para as actividades obxecto da colaboración non teñen vinculación societaria empresarial co organismo que realiza a contratación.
8. Outros ingresos: certificado de achegas concorrentes, públicas ou privadas, para a organización dos eventos xustificadas, non podendo superar o 100% do seu custo total.
9. Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O Inega abonará a Cluergal, segundo corresponda, o 100% dos custos xustificadas.

Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio non acaden os importes dos gastos xustificables.

Cluergal manterá a disposición do Inega ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia deste convenio.

#### **SÉTIMA.- PROPIEDAD INTELECTUAL**

A propiedade intelectual e material dos traballos que resulten deste convenio será conxunta do Inega e de Cluergal. A información que se obteña, os resultados das investigacións e o seu alcance poderán ser difundidos con autorización expresa de Cluergal e do Inega deixando constancia nas publicacións da participación de cada unha delas. En toda a documentación ou documento relacionado co presente convenio producido en forma unilateral, farase constar a colaboración prestada polo outro membro sen que isto signifique responsabilidade algunha, respecto do contido da publicación ou documento.

#### **OITAVA.- VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, a súa vixencia rematará o 31 de decembro de 2022, con retroacción dos seus efectos, a fin de amparar as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2022. O convenio poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período igual ao da vixencia inicial.

#### **NOVENA.- RELACIÓNS LABORAIS**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolveron as actividades e a Xunta de





Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio de colaboración.

#### **DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase una Comisión de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do Inega e dous representantes de Cluergal, que se reunirá regularmente unha vez cada trimestre en sesións ordinarias e a petición dunha das partes se se desen circunstancias extraordinarias que así o aconsellaran. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes do Inega que terá voto de calidade. Asistirá sen voto un técnico para levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convenientes.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, tendo que validar o plan de actuacións e autorizar previamente todos os gastos externos xustificables ao abeiro deste.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos, concretamente o que establece na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE**

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

Os asinantes manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- MODIFICACIÓNS**

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.





#### **DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución do convenio procedendo o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondentes as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

En especial, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a. O transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- b. O mutuo acordo entre as partes.
- c. A imposibilidade sobrevida para o cumprimento dos termos do presente acordo.
- d. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.
- e. O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

#### **DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable, quedando sometido ao réxime xurídico de convenios previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co seu artigo 6.1.

Este convenio o ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Inega e Cluergal, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seno da comisión de seguimento, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio rexerese polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de Abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Pablo Fernández Vila  
Director do Inega  
Por Resolución do 10/03/2017 de  
delegación de competencias da  
Presidencia da Axencia (DOG 27/03/2017)

José Ramón Franco de Castro  
Presidente de Cluergal



### ANEXO I: Memoria Económica

#### ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN, FORMACIÓN, INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E PROMOCIÓN DE PROXECTOS- EXTRATEXIA

CONCEPTO	ORZAMENTO
1. Actividades de difusión, sensibilización e comunicación en xornadas presenciais ou webinar, edición de materias impresos e dixitais, redes e outros relacionados coa estratexia.	18.480,00 €
2. Outros custes: consultaría de apoio e persoal do clúster para elaboración de mapa e servizos de información, así coma acompañamento a actividades e definición e execución da estratexia relacionada co convenio.	21.520,00 €
<b>TOTAL:</b>	<b>40.000,00 €</b>

